



Ref. ACTAS

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2021, acordou aprobar con carácter inicial o Regulamento do Voluntariado Social Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, estivo exposto ao público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 25, do 8 de febreiro de 2021, sen que se presentase ningunha alegación ou reclamación no citado prazo, polo que se entende definitivamente aprobado a teor do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, polo que se fai público o texto do devandito Regulamento, do teor literal seguinte:

REGULAMENTO DO VOLUNTARIADO SOCIAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

PREÁMBULO

A participación social pode ser definida coma o medio que permite a implicación da sociedade no cambio social a través, fundamentalmente, do compromiso coas entidades de acción comunitaria así coma unha das condicións para esa transformación social levada a cabo dende o compromiso e a responsabilidade cidadá á hora de implicarse solidariamente co conxunto da sociedade na toma de decisións.

O voluntariado pode ser definido dende o concepto de participación social coma a práctica social que nace da implicación do/ cidadá co seu contorno, dende un rol solidario e altruísta, activo e comprometido coa realidade que o rodea.

A participación social é un dereito fundamental recoñecido na Constitución Española ademais dunha das máximas expresións das liberdades públicas do noso estado democrático.

As normas básicas nas que se fundamenta o dereito dos cidadáns á participación social veñen recollidas en preceptos constitucionais como o artigo 1: "España constitúese nun Estado Social Democrático de Dereito...", O artigo 9.2: "Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos en que se integran, sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social"; e o artigo 10.1: "A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social".

A labor voluntaria depende sobre todo de todos eses valores que a impulsan e que se transmiten durante a súa execución: o sentido humanitario, a solidariedade, altruísmo e empatía, a sensibilidade, responsabilidade e constancia.

O noso municipio recolle todos estes valores e aposta por un modelo de vida comunitaria onde todas as persoas, sen distinción, se sintan integradas e poidan desenvolver plena e dignamente a súa vida en comunidade; onde **a igualdade e solidariedade se constitúan coma os eixes transversais da acción municipal.**



Podemos destacar coma máxima expresión desa sensibilidade social, o considerable aumento nos últimos anos das organizacións de acción social existentes con sede no noso municipio.

Exemplos de sinerxía entre o Concello e estas entidades en materia de voluntariado foron iniciativas tales coma a labor levada a cabo pola Oficina Municipal de Voluntariado, a través da realización de tarefas de intermediación entre os/as potenciais voluntarios/as e estas entidades, así como distintas accións encamiñadas a dar a coñecer os distintos programas de voluntariado postos en marcha dende estas organizacións: Guía da Solidariedade, Mostras de Voluntariado, Festas de Voluntariado, etc....

A implicación do Concello de Vilagarcía co eido da acción voluntaria, o levou a rexistrarse como Entidade de Acción Voluntaria na Xunta de Galicia e tamén a estar presente na elaboración do proxecto da Ley 10/2011 do 28 de novembro de Acción Voluntaria, aportando ideas en base á experiencia técnica do concello en materia de voluntariado.

Na actualidade, asistimos a un contexto complicado derivado do enfrontamento á nova pandemia do Covid 19. Se algo podemos sacar de positivo é esa capacidade de resistencia, de sacar o mellor de nós e de saír con máis fortaleza desta adversidade que nos toca vivir. A labor voluntaria, en tempos de pandemia, pode servir de complemento á hora de mellorar, complementar e ampliar todo tipo de iniciativa posta en marcha polo Concello e destinada á mellora do benestar e a calidade de vida dos cidadáns nestes difíciles momentos. Deste xeito, a crise sanitaria e social pode transformarse nunha oportunidade de solidariedade, altruísmo e compromiso de cara á mellora da vida comunitaria nuns momentos moi difíciles para todos/as.

O presente regulamento nace coa intención de que a actuación voluntaria deixe de ser un acto illado e espontáneo e de que, polo tanto, pase a realizarse dentro dun contexto institucional regulado e polo tanto plenamente organizado.

Ao obxecto de acoller a demanda de espazos de colaboración con determinados programas desenvolvidos polo Concello en xeral e polos Servizos Sociais municipais en particular, faise preciso establecer instrumentos normativos que posibiliten e regulen a participación do Voluntariado Social definindo tanto o seu espazo e modo de vinculación, como o estímulo e a preparación para o desenvolvemento de tarefas solidarias. Para a colaboración do voluntariado no área dos Servizos Sociais Municipais temos que ter en conta os preceptos que veñen definidos desde o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e en concreto o artigo 24 referido ao fomento da cooperación e da solidariedade social. Tales preceptos establecen que mediante este programa os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local e a acción voluntaria na área social en aplicación da normativa vixente sobre voluntariado, ademais, establecerán espazos de complementariedade na execución dos seus programas para a acción de persoas voluntarias sen detrimento da calidade e a profesionalidade dos servizos no seu conxunto e incentivando a creación de organizacións de autoaxuda, axuda mutua e de acción solidaria, mediante o correspondente asesoramento, formación e acompañamento do devandito proceso. Estas organizacións complementarían a actuación dos servizos sociais públicos de acordo coa planificación local de servizos sociais.

Por todo o anteriormente exposto, o Concello de Vilagarcía de Arousa establece a presente regulación e deste xeito senta as bases legais que permiten garantir a participación e a coordinación das persoas que asumen libremente o compromiso de cooperar en determinados proxectos promovidos polos servizos municipais, movidos por sentimentos solidarios e de xustiza.



TITULO I: Disposicións Xerais

Artigo 1º. Obxecto.

É obxecto das presentes normas, regular a actuación e o contido do Voluntariado Social dentro do marco de determinados programas desenvolvidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa en xeral e polos Servizos Sociais do Concello en particular, determinando o procedemento de incorporación e desvinculación dos/as voluntarios/as aos programas e actuacións, a súa formación e forma de coordinación.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación.

O ámbito territorial de aplicación circunscríbese ao propio do termo municipal de Vilagarcía de Arousa

Artigo 3º. Concepto de voluntariado social.

Considérase voluntario/a social, a efectos de aplicación da presente normativa, a toda persoa física que por decisión persoal, libre de toda obrigaón ou deber, por motivacións inspiradas en principios de solidariedade e participación, decida vincularse a determinados programas promovidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa, comprometéndose a participar no desenvolvemento dalgunha das súas actividades de acción social, sen que medie relación laboral, mercantil ou remunerativa algunha, salvo o reembolso dos gastos que o desempeño da actividade voluntaria ocasione.

Exceptuamos da denominación de persoa voluntaria, os/as estudantes en prácticas ou persoas obrigadas por lei, contrato ou por outro título a calquera forma de actividade. Tamén quedan excluídas as actuacións voluntarias illadas, esporádicas ou prestadas á marxe de organizacións sen ánimo de lucro ou de programas específicos do Concello de Vilagarcía de Arousa, realizadas por razóns familiares, de amizade ou de boa veciñanza. A actividade do voluntariado non poderá en ningún caso substituír ao traballo retribuído.

Artigo 4º. Principios básicos da actuación do voluntariado.

A actuación do Voluntariado Social Municipal enmarcarase dentro dos proxectos e programas susceptibles deste tipo de colaboración que se promovan dende o Concello de Vilagarcía de Arousa e sempre de acordo aos seguintes principios:

- 1.Solidariedade coas persoas ou grupos aos que se dirixe a acción social específica.
- 2.Coordinación, complementariedade e supervisión respecto ao traballo realizado polos/as profesionais municipais responsables dos proxectos nos que participen e en conexión directa con eles. O/a voluntario/a non poderá asumir funcións nin actividades que correspondan aos profesionais.
- 3.Gratuidade, non aceptando ningún beneficio propio de tipo económico no servizo que se presta.
- 4.Aceptación das normas e criterios de actuación emanados do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 5º. Requisitos.

As persoas físicas que soliciten a súa incorporación coma voluntarias dentro do Voluntariado Social do Concello de Vilagarcía de Arousa deberán reunir estes requisitos:

- a) Os maiores de 16 e menores de 18 anos deberán contar co consentimento dos seus proxenitores, titores ou representantes legais
- b) Residir e estar empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa
- c) Posuír un perfil axeitado coas tarefas encomendadas e co colectivo ou usuarios/as obxecto das intervencións.



- d) Garantir a necesaria aptitude psicolóxica e física en relación ás tarefas a desenvolver.
- e) Aceptar as normas establecidas neste regulamento.

Artigo 6º. Dereitos do voluntariado.

Son dereitos do/a voluntario/a social:

- a) Ser informado da organización dos servizos nos que se incorpora e das actividades que pode realizar.
- b) Ser orientado cara ás actividades para as que reúna mellores aptitudes, respectándose as preferencias do/a voluntario/a na elección das actividades.
- c) Recibir a formación e o apoio técnico necesarios para as tarefas que lle sexan asignadas.
- d) Participar activamente no desenvolvemento e avaliación do Programa ao que estea adscrito/a. De igual modo o/a voluntario/a ten dereito a ser consultado en todas as decisións que afecten á súa tarefa e a dispoñer por parte do servizo do apoio necesario para o exercicio das funcións que lle sexan asignadas.
- e) Ser acreditado/a como voluntario/a social mediante documento municipal expedido para o efecto. Así mesmo, se o solicita, recibir acreditación certificada da súa participación nos programas e/ou proxectos.
- f) Dispoñer dun seguro de Responsabilidade Civil ante terceiros, que cubra os riscos da actividade que desempeñe como voluntario/a. Do mesmo xeito, dispoñer dun seguro de accidente e de enfermidade derivados do exercicio da actividade voluntaria.
- g) Recibir o reembolso económico dos gastos derivados do desenvolvemento da súa actividade como voluntario/a, e igualmente, recibir o instrumental necesario para a realización da actividade.
- h) Ser respectado/a e recoñecido/a na súa contribución por parte dos servizos, podendo participar no deseño e avaliación dos programas en que colabora.
- i) Cesar libremente na súa condición de voluntario/a.

Artigo 7º. Deberes do voluntariado.

Son deberes do voluntario/a social:

- a) Cumprir os compromisos adquiridos co servizo, dedicándolle un tempo mínimo determinado para o desempeño da acción voluntaria.
- b) Realizar a acción voluntaria conforme aos principios establecidos no presente regulamento.
- c) Acatar as instrucións que reciba para o desenvolvemento do seu labor, participando nas sesións de formación e reunións de traballo previamente establecidas, e respectando as decisións sobre modificación ou cesamento da tarefa acordada, se o/a técnico responsable así o decide.
- d) Respectar as normas internas de funcionamento dos servizos, observando as medidas de seguridade e hixiene que se adopten.
- e) Gardar a confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade.
- f) Tratar coa debida deferencia, respecto e cortesía aos/ás compañeiros/as, aos/ás profesionais e ás persoas ás que se dirixe a súa actividade, respectando as opcións culturais, políticas ou relixiosas das mesmas.
- g) Rexeitar calquera contraprestación material que puidese recibir ben do/a beneficiario/a ou doutras persoas relacionadas coa súa acción.
- h) Participar nas tarefas formativas previstas pola institución de modo concreto para as actividades e funcións confiadas, así como as que con carácter permanente se precisen para manter a calidade dos servizos que se presten.



- j) Utilizar debidamente a acreditación e distintivos da entidade.
- k) Respetar e coidar os recursos materiais que se poña á súa disposición.
- l) Informar con razoable antelación ao centro da non asistencia ás actividades ou do abandono, no seu caso, das mesmas.

Artigo 8º. Obrigacións do Concello.

Corresponde ao Concello garantir aos/ás voluntarios/as sociais que se incorporen aos seus programas o cumprimento dos dereitos recoñecidos no presente regulamento.

TITULO II Procedemento de incorporación e de desvinculación de voluntarios/as

Artigo 9º. Admisión de solicitudes.

1. As persoas que desexen incorporarse como voluntarios/as no programa de Voluntariado Social do Concello de Vilagarcía de Arousa, deberán presentar instancia (modelo normalizado) a través da sede electrónica do Concello de Vilagarcía ou do Rexistro Xeral do concello. Na solicitude faranse constar os datos persoais de identificación, formación, profesión e ocupación, domicilio e teléfono de contacto, así como dispoñibilidade persoal de tempo de dedicación á acción voluntaria e programa de preferencia.

2. A admisión dos/as voluntarios/as efectuarase en función dos recursos e os programas existentes; para iso, a Oficina Municipal de Voluntariado disporá de información sobre as actividades abertas á participación do voluntariado.

3. A aceptación do/a voluntario/a como tal farase en base a un informe avaliativo realizado polo servizo correspondente en base á información subministrada pola persoa solicitante e unha entrevista na que poderán estar presentes a Técnico de Voluntariado e outros/as técnicos/as responsables dos programas específicos no que o/a voluntario/a pode colaborar.

Artigo 10º. Incorporación do voluntariado.

1. Unha vez aceptada a solicitude, o/a voluntario/a recibirá unha formación adecuada sobre o marco xurídico do voluntariado, a acción social, medidas de prevención na realización das súas tarefas e tamén sobre os centros de servizos sociais e os servizos especializados do seu interese.

2. A incorporación do/a voluntario/a ao programa de Voluntariado Social Municipal formalizarase mediante compromiso escrito (prestación de servizo en réxime de Voluntariado Social) que exprese: identificación do/a voluntario/a, programa en que se incorpora, contido das funcións e das actividades, responsable do programa e do seu seguimento, tempo comprometido para a actividade e plan de formación e de apoio que se require. Así mesmo recollerá información sobre os dereitos e deberes de ambas as partes.

3. Este compromiso será aceptado polo Concello e polo/a voluntario/a, ao que se lle fará entrega da correspondente acreditación.

4. O/a técnico responsable do programa establecerá, xunto co voluntario, o plan de actuación, supervisión e avaliación a seguir.

Artigo 11º. Desvinculación do voluntariado:

O cesamento da vinculación entre o/a voluntario/a e o Concello de Vilagarcía de Arousa virá determinado pola decisión acordada ou unilateral de calquera das partes, comunicada de forma fidedigna á outra parte. Dita comunicación suspenderá todas as obrigacións mutuas. Con todo, considerarase como desvinculación de feito a



negativa reiterada a participar nun proxecto, a pesar de que o/a voluntario/a non manifeste a súa vontade de desvincularse nos termos previstos neste artigo.

Artigo 12º. Formación do voluntariado

A formación do voluntariado admitido dentro do programa de Voluntariado Social será promovida polos propios servizos municipais. Os obxectivos e os contidos da formación recollerán os seguintes aspectos: condicións xurídicas, sociais e persoais que enmarcan a acción social que desexa realizar; dotalo de coñecementos, técnicas e habilidades útiles para realizar o seu labor; e crear espazos e liñas de coordinación e comunicación, de orientación e de apoio, así como para a prevención de riscos.

Artigo 13º. Captación do voluntariado

Ao obxecto de fomentar a incorporación de voluntarios, os servizos sociais municipais, promoverán accións orientadas a:

- a) establecer fórmulas de apoio e coordinación coas organizacións máis representativas do voluntariado no municipio,
- b) realizar campañas publicitarias de información e estímulo.
- c) potenciar os sentimentos de solidariedade e os movementos asociativos.

Disposición adicional

O Concello, como recoñecemento e a efectos de fomentar o asociacionismo e o desenvolvemento dos proxectos en coordinación coas asociacións, poderá celebrar convenios de colaboración con aquelas entidades sen fins de lucro e de acción voluntaria, que se atean ao disposto na normativa vixente e aos principios regulados no presente Regulamento e que teñan expresamente recollido nos seus Estatutos, como obxectivo, a acción voluntaria.

Vilagarcía de Arousa, 24 de marzo de 2021.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada